

# NADAL 2018



CONCELLO  
DE FRADES

## VISITA DE PAPÁ NOEL AOS NENOS E NENAS DE PREESCOLAR NA CASA E CASAS NIÑO

LUNS 17 DE DECEMBRO

**Horario:** Durante a mañá.

Visita de Papá Noel e o seu elfo aos nenos e nenas de Preescolar na casa e Casas Niño con recollida de cartas, globoflexia e lambetadas.



## VISITA DO PAXE REAL E CARTEIRO REAL

LUNS 17 DE DECEMBRO

**Horario:** 10:45h.

**Lugar:** C.P.I. de Ponte Carreira

O Paxe e o Carteiro Real visitarán ao alumnado de Infantil e Primaria para repartir lambetadas e recoller as súas cartas para os Reis Magos.

## ACTUACIÓN DE PÍSCORE "CONCERTO SINGULAR"

MARTES 18 DE DECEMBRO



**Horario:** 12:00 h.

**Lugar:** C.P.I. de Ponte Carreira

**Destinatarios:** Nenos e nenas de infantil e primaria.

Comedia musical. Mestura de virtuosismo musical, ritmos, comedia xestual, clown e participación do/a espectador/a. Espectáculo que xira en torno a unha marimba e á dificultade de 4 músicos para sacarlle partido.

## CAMPAMENTO MUNICIPAL DE NADAL / CONCILIACIÓN

24, 26, 27, 28 e 31 DECEMBRO  
2, 3, e 4 XANEIRO

**Lugar:** Multiúsos de Frades.

**Horario:** Entrada 9:30h, Saída 13.30h.

**Prezo:** 25€ empadroados/as, Dto. 2º irmán/á: 20€, 35€ non empadroados/as.

**Actividades:** xogos, obradoiros, contacontos e moitas sorpresas de Nadal.

Grupo mínimo 10 persoas. Anotarse no Concello antes do 21 de decembro.

## BABALUVA A ALFOMBRA MÁXICA (espectáculo para bebés)



SÁBADO 22 DE DECEMBRO

Espectáculo sensorial para bebés ata 3 anos

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Hora:** 11:30h

Anotacións no Concello antes do 21 de decembro

Colabora: Rede Cultural da Deputación da Coruña.



## FESTA DE NADAL e CONCERTO MUSICAL DE MARÍA DO CEO



MÉRCORES 26 DE DECEMBRO

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Horario:** Ás 16h. Concerto de María do Ceo "Cancións infantís para nenas e nenos"

A partir das 17:30h. Obradoiros, mascota e xogos con Duende Sico.

Merenda.

Anotarse antes do 21 de decembro no Concello.

Colaboran Rede de Dinamización Lingüística (FALAREDES) e Deputación da Coruña.



## SAÍDA A XUVENLUGO (PARQUE DE ATRACCIÓN)

VENRES 28 DECEMBRO

**Horario:** Saída do Concello ás 15h

**Prezo:** 5 €/empadroados/as - 8 €/non empadroados/as.

Entrada xenérica ao parque, onde poderán desfrutar de: atraccións, inchables, talleres, espazo infantil (0-3 anos)

Os /as menores de 12 anos deben ir acompañados/as dunha persoa adulta. A merenda poderán levala da casa ou mercala no recinto.

Anotarse antes do 26 de decembro no Concello.

Mínimo 35 persoas para realizar a actividade.

## SAÍDA Á PISTA DE XEO E CINE (Santiago de Compostela)

MÉRCORES 2 DE XANEIRO



Pista de xeo (Área Central) e cine no centro comercial As Cancelas.

Saída ás 10:30h. do Concello Volta ás 20h.

**Prezo:** 15 € empadroados/as. 20€ non empadroados/as (xantar incluído).

**Anotarse:** Antes do 28 de decembro no Concello.

Mínimo 35 persoas para

realizarse a actividade.

É obrigatorio levar luvas e aconséllase levar gorro e bufanda.

Os/as menores de 12 anos deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

## CABALGATA E FESTA DE REIS

VENRES 4 DE XANEIRO



**Horario:** 16:00-20:00 h.

16:00 Desfile polas rúas de Ponte Carreira ata o pavillón

17:00 Pavillón Municipal, onde haberá: Recepción dos reis, inchables, animación,bailes, xogos, canón de neve, obradoiros, mascotas, reparto de lambetadas e chocolate con roscón para todas as persoas asistentes.

Actividade gratuíta.

ORGANIZA:

COLABORA:



MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN  
NO CONCELLO DE FRADES

981 695 567 - 981 695 663

www.concellodefrades.es

